

NORMATIVA DE FUNCIONAMENTO REDE GALEGA DE MÚSICA AO VIVO

A Rede Galega de Música ao Vivo (RGMV) créase no ano 2007 como un dos instrumentos da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic) para promover a distribución de grupos musicais en salas de música ao vivo co fin de dotalas dunha maior estabilidade na súa programación habitual.

Transcorridos catro anos dende a súa creación e despois das diferentes avaliacións realizadas polo departamento de programación da Agadic, detectáronse áreas susceptibles de mellora no funcionamento da programación da RGMV, en concreto:

- conveniencia de integrar outras disciplinas artísticas sen perder o obxectivo principal, que é a programación musical.
- conveniencia de realizar un estudo detallado das salas (dotación técnica, programación, localización...).
- É necesario que as salas que conformen esta rede posúan mellores condicións para o desenvolvemento desta programación.
- realizar programacións semestrais, co fin de optimizar os recursos orzamentarios da Agadic.
- necesidade de cofinanciar as programacións. É necesario que as salas acheguen como mínimo un 15% a maiores do orzamento que Agadic dispón para cada unha das salas.

Atendendo a estes criterios, establécense as **novas normas de funcionamento da Rede Galega de Música ao Vivo**.

Contido da programación

Concertos de calquera estilo musical, teatro de actor ou monicreques, danza, circo, cabaré, maxia ou calquera outra modalidade de artes escénicas (sempre e cando se adecúen aos espazos) producidos e/ou distribuídos por sociedades civís, mercantís ou empresarios individuais.

Réxime económico

- A contraprestación aos grupos de música ou compañías no referente a caché, pagamento a tanto alzado ou porcentaxe de billeteira será pactada entre cada compañía ou grupo e a sala.
- A Agadic asignará a cada sala un orzamento concreto. Cada sala deberá aportar o 15% desa cantidade asignada pola Agadic. Así, o caché pactado entre a sala e o grupo ou compañía será financiado do seguinte xeito: 85% Agadic e o 15% restante pola sala.
- Co orzamento total cada sala deberá programar un mínimo de concertos ou funcións calculado en base á fórmula "orzamento designado/800 euros".
- A aportación da AGADIC será aboada directamente ás compañías e grupos programados a través dun contrato entre compañía ou grupo e a Axencia.
- A Agadic asinará un contrato con cada sala cos importes correspondentes da programación.

Normas de programación

- Períodos de programación: xaneiro- xuño e xullo- decembro.
- Cada grupo ou compañía só poderá ser programado unha vez ao ano en cada sala.
- A programación de grupos de música non poderá ser inferior ao 50% da programación total.
- O 75% da programación deberá ser de grupos ou compañías galegos.
- O prezo mínimo de billeteira será de 3 euros.
- A alteración do calendario de actuacións estará suxeita á autorización previa por parte de Agadic e deberá estar xustificada.
- A alteración unilateral do calendario de actuacións suporá a cancelación automática do contrato.
- Cada grupo ou compañía para poder ser contratado precisará ter un mínimo 2 actuacións no semestre programado.

Procedemento de contratación

- Programación semestral (xaneiro–xuño / xullo–decembro)
- Convocatoria aberta para grupos ou compañías a través da páxina web: www.galescena.info.
- Cada grupo ou compañía debe cubrir a ficha na que aparecerá o rider técnico así como as restantes condicións precisas para o correcto desenvolvemento da actuación. Admitiranse acordos bilaterais entre a sala e o grupo ou compañía que modifiquen o rider técnico sempre e cando se formalicen por escrito.
- Non se poderán programar grupos ou compañías vinculadas á sala. Considérase formación vinculada á sala aquela na que algún dos seus compoñentes ou familiar ata o primeiro grao por consanguinidade ou afinidade sexa propietario de máis dun 15% do capital social da sala.

Obrigas das salas

- Pagamento do 15% do caché pactado con cada grupo ou compañía.
- Aportación do equipo e rider técnico para cada unha das actuacións programadas.
- Obrigatoriedade de cobramento de billeteira co mínimo establecido nesta norma.
- Información dos datos de asistencia mediante a billeteira electrónica, á que se accede a través de www.galescena.info, de cada un dos espectáculos da programación no prazo máximo de cinco días.

Para calquera outra cuestión non establecida nestas bases, será a Agadic a competente para resolver.